

## INFORMACIÓN PARA PAIS/NAIS/TITORES/ALUMNADO

(Toda a información: <http://diegocalvinofernandez.blogspot.com.es/> ,)

### Contidos:

1º ESO			
<b>1ª AVALIACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Condición física e saúde postural.</li> <li>- O calentamento.</li> </ul>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. <a href="#">Hábitos posturais.</a></li> <li>2. <a href="#">Catálogo de Exercicios de calentamento.</a></li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Avaliación inicial.</li> <li>2. Probas de condición física.</li> </ol>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciación aos deportes colectivos.</li> <li>- Xogos populares</li> </ul>	<ol style="list-style-type: none"> <li>3. <a href="#">Xogos populares.</a></li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>3. Práctico de deportes colectivos.</li> </ol>
<b>2ª AVALIACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Introducción ao balonmán.</li> <li>- Danzas do mundo.</li> </ul>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Regulamento de balonmán.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Práctico de bailes.</li> <li>2. Práctico de balonmán.</li> </ol>
<b>3ª AVALIACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Introducción ao voleibol.</li> <li>- Actividades no medio natural.</li> </ul>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Regulamento de voleibol.</li> <li>2. Traballo sobre actividades no medio natural</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Práctico de voleibol</li> </ol>

2º ESO			
<b>1ª AVALIACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Condición física e xogos populares.</li> <li>- Calentamento xeral.</li> <li>- Hábitos nocivos.</li> <li>- Baloncesto 1.</li> </ul>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. <a href="#">Control da intensidade do esforzo.</a></li> <li>2. <a href="#">Realización dun calentamento xeral.</a></li> <li>3. <a href="#">Hábitos nocivos</a></li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Avaliación inicial.</li> <li>2. Probas de condición física.</li> <li>3. Práctico de baloncesto</li> </ol>
<b>2ª AVALIACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Baloncesto 2.</li> <li>- Bailes de salón</li> </ul>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Regulamento baloncesto</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Práctico baloncesto.</li> <li>2. Práctico bailes.</li> </ol>
<b>3ª AVALIACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Introducción o badminton</li> <li>- Sendeirismo.</li> </ul>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Regulamento de badminton.</li> <li>2. Traballo sobre actividades no medio natural.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Práctico de badminton</li> </ol>

<b>3º ESO</b>			
<b>1ª AVALIACIÓN</b>	- Condición física.	1. <a href="#">Análise exercicios de condición física.</a>	1. Avaliación inicial.
	- Balonmán II.	2. <a href="#">Hábitos alimenticios.</a>	2. Probas de condición física.
	- Hábitos alimenticios.	3. <a href="#">Xogos populares.</a>	3. Práctico de balonmán.
	- Xogos populares.		
<b>2ª AVALIACIÓN</b>	- Acrosport.	1. Acrosport.	
	- Baloncesto II		- Práctico baloncesto
<b>3ª AVALIACIÓN</b>	- Aerobic.	1. Traballo aerobic	1. Práctico ritmos latinos.
	- Ritmos latinos.	2. Traballo orientación	2. Práctico badminton.
	- Badminton 2		
	- Orientación.		

<b>4º ESO</b>			
<b>1ª AVALIACIÓN</b>	- Condición física e adestramento.	1. <a href="#">Mellora condición física.</a>	1. Avaliación inicial.
	- Primeiros auxilios.	2. <a href="#">Primeiros auxilios.</a>	2. Probas de condición física.
	- Iniciación á loita.	3. <a href="#">Xogos populares.</a>	3. Avaliación grupal loita.
	- Xogos populares.		
<b>2ª AVALIACIÓN</b>	- Acrosport 2.	1. Acrosport.	
	- Pilates.	2. Pilates.	
		3. Medios comunicación.	
<b>3ª AVALIACIÓN</b>	- Roda cubana	1. Ioga	- Práctico roda cubana.
	- Ioga.	2. Traballo actividades no medio natural.	
	- Multiaventura.		

## Procedementos de avaliación

Basicamente empregaremos catro métodos de avaliación:

- 🕒 A asistencia e participación nas clases: sempre será o máis importante, valorándose a participación, colaboración, actitude, presenza, espeto, trato o material, etc.
- 🕒 Os exames teóricos: serán sempre tipo test e empregaranse cando desexemos obter un avance no aspecto conceptual da materia.
- 🕒 Os exames prácticos: como medio de valoración das capacidades e procedementos acadados.
- 🕒 Os traballos teóricos: como medio de reforzamento teórico, predominio do traballo grupal, presentación axeitada (incremento na etapa do emprego do ordenador), motivacións e intereses persoais.

Falamos dos momentos cando debemos realizar a avaliación, pero en liñas xerais trátase dun proceso continuado, que debe levarse a cabo, dunha ou outra forma, todos os días.

Na avaliación como seguimento continuo do proceso de ensinanza aprendizaxe, pódense distinguir **tres momentos clave**, cada un deles coas súas características específicas:

Avaliación inicial: é aquela que se leva a cabo o comezo dunha nova secuencia de aprendizaxes e permite identificar o punto de partida dos alumn@s coa finalidade de adecuar o proceso á realidade do grupo. Deberanse ter en conta os coñecementos previos do alumn@ para a programación das actividades que de forma progresiva permitan acadar os novos coñecementos.

Avaliación formativa: é a que nos permite obter información de como se desenvolve o proceso de ensinanza aprendizaxe, orientando posibles tomas de decisión sobre a necesidade ou non de realizar cambios na programación. Ademais a avaliación formativa serve para darlle unha información ó alumn@ sobre os motivos dos seus erros e constitúe un apoio esencial para facerlles fronte.

Avaliación sumativa: ten por obxecto dar información relativa ó grao de consecución do obxectivos didácticos de cada unidade ou etapa.

Respectando estes tres “momentos”, a avaliación ten, polo tanto, un carácter continuo e, como tal, farase en todas as unidades didácticas e avaliacións.

## **Instrumentos de avaliación**

### AS PRUBAS ESCRITAS:

- 🕒 Exames tipo test dos contidos vistos no trimestre.
- 🕒 O alumnado recibe uns apuntes como soporte teórico.
- 🕒 Faránse dependendo dos contidos e/ou elección do alumnado.

### AS PRUBAS FÍSICAS:

- 🕒 Diversas e adaptadas os contidos traballados: probas de aptitude física, partidos con normas, execución de xestos técnicos, execución de bailes ou coreografías, impartir unha sesión ou unha parte da mesma, etc

### OS TRABALLOS:

- 🕒 Sobre os contidos que esteamos traballando.
- 🕒 Sempre baixo unhas normas de presentación (normas para a realización dos traballos).

### A ASISTENCIA E PARTICIPACIÓN NA CLASE:

- 🕒 Sempre constitúe un alto porcentaxe da nota (normalmente o 50% da nota).

### Valórase:

- Se fai a clase: se non a fai, polo motivo que sexa (lesión, non traer a roupa...) terá que copiala e entregala o final da sesión.
- Tentar facer o que se pide.
- A colaboración e cooperación cos demais.
- Respeto, tanto aos compañeiros/as, como ó profesor e o material.
- A puntualidade.

## **Criterios de cualificación**

### Aspectos metodolóxicos:

Algúns aspectos a resaltar da metodoloxía da avaliación serán:

- 🕒 Continúa: recolleranse datos continuamente e non só a partir dos resultados das probas.
- 🕒 Personalizada: partindo sempre das propias posibilidades do alumn@ e observando a súa progresión.

- ⌚ Integrada: tendo en conta tódalas súas capacidades cognitivas, motrices, integración social...
- ⌚ Sistemas de observación e rexistro: utilizaranse variedade de técnicas e instrumentos.
- ⌚ Terase en conta a asistencia, roupa axeitada, e a actitude na clase, así como o esforzo diario.

### Cualificación e optatividade:

A calificación verá dada polos seguintes porcentaxes:

- Asistencia e participación: poderá acadar ata un 50% da nota.
- Exame teórico, práctico e traballos: será, como mínimo do 50% da nota.

Tanto nos exames, como nos traballos, poderanse descontar ata 1 punto polas faltas de ortografía, presentación e redacción (ver normas de presentación de traballos).

Isto será así en 1º e 2º da ESO. Ademais, nunha avaliación, nunca se farán exame teórico, traballo e exame práctico, soamente dous das tres opcións, que se repartirán equitativamente o porcentaxe restante da nota.

En 3º da ESO, terán a opción de valorar a porcentaxe que se lles aplicará en cada parte, agás na asistencia e participación na clase, que será do 50% da nota; no resto escollen. Normas:

- Hai que poñer porcentaxe a todo; se hai exame e traballo, tes que valorar ambas (20% e 30%, por exemplo). Non podendo deixar ningunha sen valorar.
- A porcentaxe máis alta será do 40%, e a máis baixa do 10%

En 4º da ESO, ademais do anterior, poderán elixir tamén, na asistencia e participación na clase. Coas mesmas limitacións de antes, pero podendo poñer a este apartado (asistencia e participación ata un 50%).

### Avaliación conxunta:

Trátase dunha experiencia para favorecer a colaboración, cooperación, integración e respecto. Con cada grupo, buscaremos unha unidade didáctica como mínimo para aplicar tal iniciativa. Consiste na valoración global da clase; na obtención dunha nota final única para tod@s, froito do seu traballo conxunto.